

## **Regulamento de Réxime Interno**

**DEPARTAMENTO DE QUÍMICA ANALÍTICA, NUTRICIÓN E BROMATOLOXÍA**

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DL COMPOSTELA**

### *CAPITULO PRELIMINAR*

#### **Artigo 1**

1. O Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC), rexeráse no marco do sinalado na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (LOU), na normativa regulamentaria que a desenvolva e sexa de aplicación, polo disposto nos Estatutos da USC e no presente Regulamento.

2. Todo o persoal docente e investigador vinculado ó Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía estará suxeito ó presente Regulamento de Réxime Interno.

3. O Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía ten a súa sede na Facultade de Química da USC, onde se atopa a Secretaría do Departamento.

#### **Artigo 2**

1. O Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía da USC agrupa a tódolos docentes, investigadores e estudantes pertencentes ás áreas de coñecemento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía e Tecnoloxía de Alimentos, salvo os que obteñan a adscrición a outro departamento.

2. O Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía é o órgano encargado en tódolos centros da USC, e de acordo coa súa organización xeral, da programación e desenvolvemento da ensinanza e a investigación nas áreas de coñecemento citadas no punto anterior.

#### **Artigo 3**

En relación co Artigo anterior, considerarase persoal investigador do Departamento a aqueles investigadores contemplados nos Estatutos da USC así como nos acordos de seu Consello de Goberno.

#### **Artigo 4**

O Consello de Departamento poderá propor ó Consello de Goberno da USC a creación ou supresión de Seccións Departamentais, segundo o Artigo 52.5 dos Estatutos da USC o seu réxime de Funcionamento será o que estableza dito Consello de Goberno

## ***CAPITULO PRIMEIRO: dos Órganos de Goberno***

### **Artigo 5**

Son órganos de dirección e xestión do Departamento de Química Analítica, Nutrición e Cromatoloxía os seguintes:

- a) O Consello de Departamento.
- b) O director do Departamento.
- e) O secretario do Departamento.

### **Artigo 6**

1. Por aplicación do Artigo 108.2 dos Estatutos da USC, o Consello de Departamento poderá nomear de entre os seus membros unha Comisión Permanente e comisións delegadas deste Consello, determinando as súas competencias e funcións.

2. Do mesmo xeito, para estudar asuntos puntuais, o Consello de Departamento poderá nomear de entre os seus membros comisións delegadas temporais, determinando a súa composición, competencias e funcións. A actuación destas comisións darase por terminada unha vez rematado o traballo para o que foran creadas.

### **Artigo 7**

1. O Consello de Departamento estará composto por:
- a) O director do Departamento, que convocará e presidirá as reunións do mesmo.
  - b) O secretario do Departamento, que o será tamén nas reunións do Consello.
  - e) Os doutores membros do Departamento.
  - d) O profesorado e os profesores axudantes non doutores do Departamento con dedicación a

tempo completo.

e) O resto do persoal docente e investigador con dedicación a tempo parcial e os investigadores en formación e perfeccionamento, nunha proporción que non exceda o 10% do total de membros do Consello.

f) Unha representación dos estudantes do ámbito de docencia do Departamento, elixida cada dous anos, que suporá o 25% do total de membros do Consello. Deses porcentaxe, o 10% corresponderá a estudantes do primeiro e segundo ciclos e o 15% a estudantes de terceiro ciclo.

g) Un representante do Persoal de Administración e Servizos adscrito ó Departamento. 2. O Consello de Departamento poderá invitar a asistir ás súas reunións para tratar asuntos

específicos, con voz pero sen voto, a calquera membro da comunidade universitaria que poida resultar afectado por estes.

3. Tódolos representantes elixidos serano por un período de 2 anos. A condición de membro do Consello perderase ó cesar a vinculación co Departamento, un ó deixar de cumprir-las requisitos precisos para ser elixido polo correspondente sector.

## **Artigo 8**

Corresponde ó Consello de Departamento:

a) Elixir o director do Departamento e, no seu caso, propor ó reitor da USC a súa destitución mediante moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do Consello.

b) A planificación e coordinación da actividade docente e a coordinación da actividade investigadora do Departamento, así como o control de seu cumprimento.

e) A validación dos programas docentes e dos sistemas de avaliación das materias das que o Departamento len encargada a docencia.

d) Formula-las demandas de profesorado do Departamento de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de terceiro ciclo, e informar sobre a procedencia ou non da minoración, de cambio de denominación un de categoría dunha praza de profesorado do Departamento.

e) Solicita-la convocatoria a concurso de prazas de profesorado, tanto funcionario como

contratado, e propor os membros das comisións correspondentes de acordo coa lexislación vixente.

- f) Propor ó Consello de Goberno o nomeamento de profesores eméritos.
- g) Aproba-lo orzamento anual do Departamento e a súa distribución.
- b) Aproba-lo balance anual de peche do exercicio económico.
- i) Elaborar e aprobar o Regulamento de Réxime Interno do Departamento.
- l) Crear comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
- m) Promociona-lo perfeccionamento da docencia.
- n) Emiti-los informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico dos seus estudantes.
- ñ) Informar, de acordo coa normativa correspondente, sobre peticións de permisos oficiais.
- o) De acordo coa correspondente normativa, tomar acordos e decisións relativos ós Estudos de Terceiro Ciclo.
- p) Informar sobre as peticións do Departamento de financiamento da investigación con cargo a fondos da USC un de outras institucións, e coñecer as subvenciones obtidas.
- q) Propor ó Consello de Goberno a creación de seccións departamentais.
- r) Calquera outra función que lle atribúa o presente Regulamento un calquera outra normativa vixente.

## **Artigo 9**

1. O Consello de Departamento reunirse por decisión do director ou a petición dun terzo dos seus membros. En calquera caso, celebrarase polo menos unha reunión ordinaria cada trimestre do ano

académico. Cando se reúna a petición dun terzo dos seus membros, farao dentro dos dez días lectivos seguintes á petición

2. Salvo que haxa razóns que o xustifiquen ou que o Consello de Departamento acorde o contrario, as súas reunións terán lugar na sede do Departamento.

3. As reunións ordinarias do Consello de Departamento serán convocadas, ó menos, con 5 días de antelación. As reunións extraordinarias serán convocadas polo menos con 48 horas de antelación.

4. A convocatoria, que será persoal e dirixida ó centro de traballo, acompañarase da correspondente urde do día.

5. A urde do día fixaraa o director asistido polo secretario un a Comisión Permanente. Na mesma figurarán como puntos os asuntos que, coa suficiente antelación, foran solicitados por escrito por polo menos un 1000 dos membros do Consello de Departamento.

6. A documentación relativa ós asuntos incluídos na urde do día estará a disposición dos membros do Consello de Departamento na Secretaría do Departamento dende o momento da súa convocatoria.

7. O Consello de Departamento quedará constituído en primeira convocatoria coa presenza da metade máis un dos membros, incluíndo a presenza do director e o secretario, e dun quinto dos seus membros en segunda convocatoria, que se celebrará media hora máis tarde ca a primeira.

8. Os acordos tomados serano por maioría simple dos asistentes.

9. As votacións poderán ser públicas, a man alzada, un secretas cando o solicite un membro do Consello o cando afecte a persoas concretas.

## **Artigo 10**

1. A Comisión Permanente do Consello de Departamento estará composta polos seguintes membros, elixidos de entre os membros do Consello:

a) O director do Departamento, que convocará e presidirá as reunións da Comisión.

b) O secretario do Departamento, que o será tamén nas reunións da Comisión.

e) Os directores das Seccións Departamentais, se as houber.

d) Unha representación dos diferentes sectores do Consello:

- 3 profesores funcionarios doutores, 1 por cada área de coñecemento do Departamento.
- 1 profesor axudante un contratado.
- 1 bolseiro un investigador.
- 2 estudantes (1 de primeiro e segundo ciclo e 1 de terceiro ciclo).

2. Por cada membro da Comisión nomearase un membro suplente, o cal actuará no lugar do membro titular no caso de ausencia deste. No caso, como suplente do Director do Departamento actuará o Director Accidental e como suplente do Secretario do Departamento actuará o último membro en incorporarse á Comisión e, se son varios, o máis novo.

3. Os membros electos da Comisión Permanente serano nunha reunión do Consello, por un período de 2 anos e entre os membros de cada estamento do Consello de Departamento. No caso de ser necesaria unha votación, cada profesor poderá votar co máximo duns candidatos, mentres que os restantes sectores, cada membro só poderá votar un candidato.

4. Cando a Comisión Permanente o estime oportuno, poderá invitar a asistir ás súas reunións para tratar asuntos específicos, con voz pero sen voto, a calquera membro do Consello de Departamento.

## **Artigo 11**

Corresponde á Comisión Permanente do Consello do Departamento:

- a) Aproba-los informes sobre tarefas docentes e/un investigadoras do profesorado. b) Informar, de acordo coa normativa correspondente, sobre peticións de permisos oficiais.
- e) Solicitar, no caso de ter que facelo por vía de urxencia, a convocatoria a concurso de prazas de profesorado, tanto funcionario como contratado, e propor os membros das comisións correspondentes de acordo coa lexislación vixente.
- d) Aproba-las propostas dos programas de doutoramento do Departamento para a súa tramitación á comisión correspondente, excepto cando se propoña un novo programa.

e) Nomea-los titores dos estudantes admitidos nos programas de doutoramento do Departamento.

l) Aprobar ou rexeitar os proxectos de tese de doutoramento e as modificacións de proxecto, director/es e/ou título, dar a súa conformidade para a presentación das teses e propor os membros das comisións que deberán xulgalas.

g) Asesorar o director do Departamento en todos aqueles asuntos que este someta á súa consideración.

h) Cantas outras funcións lle sexan encomendadas polo Consello de Departamento un lle atribúa este Regulamento.

## **Artigo 12**

1. A Comisión Permanente reunirse por decisión do director un mediante petición previa dun terzo dos seus membros.

2. As reunións ordinarias da Comisión Permanente serán convocadas, pulo menos, con 2 días de antelación. As reunións extraordinarias serán convocadas, pulo menos, con 24 horas de antelación.

3. No concernerse á convocatoria de reunión, urde do día, asuntos a tratar, documentación, reunións e votacións, procederase conforme ó disposto neste Regulamento para as reunións do Consello de Departamento (Artigo 9).

4. O secretario levantará acta de cada reunión da Comisión Permanente e, na primeira reunión do Consello de Departamento que se celebre con posterioridade. informará ó Consello das actuacións da Comisión e dos acordos tomados por ela.

## **Artigo 13**

1. Os membros electos do Consello de Departamento e/un da Comisión Permanente cesarán por algunha das causas seguintes:

a) Perda da condición pola que foran elixidos.

h) A petición propia.

e) Por finalización legal do seu mandato.

2. As vacantes que resulten dos ceses a que se refire o punto anterior serán cubertas por un novo membro.

#### **Artigo 14**

1. O Departamento terá un director que será elixido polo Consello de Departamento de acordo cus Estatutos de la USC (Artigo 110.2).

2. En todo caso, o réxime de dedicación a tempo completo será tamén requisito imprescindible para ocupar o cargo de director do Departamento, de acordo co Artigo 72.1 dos Estatutos da USC.

3. O director será nomeado polo reitor da USC. O nomeamento será comunicado ó Consello de Goberno e ós decanos un directores dos centros onde o Departamento desenvolva as súas funcións docentes e investigadoras.

4. O cargo de director desempeñárase durante catro anos, e non se poderá ocupar durante máis de dous mandatos sucesivos, segundo o Artigo 72.3 dos Estatutos da USC.

5. No caso de ausencia ou enfermidade, o Director será substituído, como director accidental, polo membro do Departamento designado polo director, de acordo cus criterios especificados no Artigo 110.2 dos Estatutos da USC. e, no sen defecto, polo de maior antigüidade.

6. No caso de dimisión, o director continuará en funcións e convocará eleccións, que se celebrarán no prazo máximo dun mes lectivo dende o momento da dimisión, a non ser que por causas xustificadas deba ampliarse dito prazo.

7. O director, de acordo coa normativa electoral vixente, como mínimo un mes antes de finalizar o sen mandato, convocará eleccións e continuará en funcións ata o nomeamento de quen no sen caso o substitúa.

#### **Artigo 15**

1. O director do Departamento será o encargado da súa representación.

2. Corresponde ó director do Departamento:

a) Convocar e presidir as reunións do Consello de Departamento.

b) Executa-los acordos adoptados polo Consello de Departamento e velar polo sen

cumprimento.

e) Organizar e coordinar do xeito máis adecuado e de conformidade co Consello de Departamento, os medios persoais e materiais dos que se dispuña para cumprir os (obxectivos investigadores e docentes do Departamento.

d) Elaborar, con axuda do secretario, a memoria anual das actividades desenvolvidas polo Departamento.

e) Elaborar-lo proxecto de orzamento, executa-las previsións orzamentarias e presentar un balance ó final do exercicio.

f) Calquera outra función que afecte ó Departamento e que non sexa explicitamente atribuída ó Consello de Departamento ou a outros órganos da USO.

## **Artigo 16**

1. O secretario do Departamento será nomeado polo director de entre os profesores e axudantes do Departamento.

2. Corresponde ó Secretario do Departamento:

a) Dar fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, a representación e administración do Departamento.

b) Custodia-los libros de actas e expedi-las certificacións dos acordos e de tódolos actos que consten nos documentos oficiais ou nos arquivos do Departamento.

e) Expedir certificacións de cada acta un dunha parte da mesma, a calquera membro do Consello de Departamento que as solicite.

d) Calquera outra función que lle atribúa a lexislación vixente, en particular os Estatutos da USO, así como aquelas que lle delegue o director.

3. O secretario cesará por decisión do reitor da USC, a proposta do director do Departamento ou a petición propia.

## **Artigo 17**

Dada a especial estrutura do Departamento (o estar distribuído o seu persoal en 3 Arcas de Coñecemento, 2 Campus e varios Centros Docentes), poderanse nomear responsables, un por Área de Coñecemento e por Campus, co fin único e exclusivo de realizar funcións de enlace entre os Órganos de Goberno do Departamento e os seus membros.

## ***CAPITULO SEGUNDO: da Organización Docente***

### **Artigo 18**

De acordo coa normativa de organización docente en vigor, o Consello de Departamento organizará a súa actividade docente.

### **Artigo 19**

1. Seguindo os criterios establecidos na normativa correspondente, o reparto do encargo docente farase de forma equitativa entre todo o persoal docente.

2. A distribución das obrigacións docentes deberá contemplar, a priori e no posible, a posibilidade de ter que cubrir ausencias xustificadas de profesorado do Departamento durante o transcurso do ano académico.

### **Artigo 20**

1. De acordo coa normativa vixente, os programas das materias serán elaborados polos profesores e deberán ser aprobados polo Consello do Departamento.

2. O Departamento comunicará ós respectivos centros a información a que se refire o punto anterior previamente ó comezo do curso académico.

### **Artigo 21**

O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico, correspondéndolle ó Consello de Departamento aprobar ditas actividades, así como o seu orzamento.

## **Artigo 22**

A organización de actividades como cursos, seminarios, congresos ou outras similares, nas que figure o nome do Departamento como tal, deberá ser posta en coñecemento da Dirección do mesmo. Ditas actividades poderán figurar na memoria anual do Departamento.

## ***CAPITULO TERCEIRO: da Investigación***

### **Artigo 23**

O Departamento coordinará a actividade investigadora realizada polos seus membros, individualmente ou formando parte de grupos de investigación.

### **Artigo 24**

1. O Departamento, un os seus profesores a través del, poderá contratar con entidades públicas un privadas o con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico un artístico, e o desenvolvemento de cursos de especialización, formación un perfeccionamento.

2. O procedemento para a sinatura de ditos contratos axustarase ó establecido no correspondente regulamento aprobado polo Consello de Goberno.

### **Artigo 25**

Tendo en conta os seus programas de investigación, e de acordo coa normativa vixente, o departamento poderá propor á USO a contratación temporal do persoal que colabore no desenvolvemento dos mesmos, con cargo ós fondos específicos de investigación asignados pula USO un ós procedentes de financiamento exterior.

### **Artigo 26**

De acordo co regulamento correspondente, para tramita-la produción científica (así como para poder elabora-la memoria anual do Departamento), os profesores e investigadores do Departamento remitirán o sen secretario a información pertinente.

## ***CAPITULO CUARTO: do Persoal Docente e Investigador***

### **Artigo 27**

As propostas de membros titulares e suplentes para formar parte de tribunais e comisións. efectuaranse de acordo cus criterios que, con carácter xeral, fixe a lexislación vixente.

### **Artigo 28**

As propostas de nomeamentos de bolseiros e as de contratación de persoal con cargo a fondos de proxectos un contratos de investigación serán postas en coñecemento do Departamento polo investigador responsable do proxecto un contrato.

## ***CAPITULO QUINTO: do Réxime Económico***

### **Artigo 29**

Para atender as súas necesidades, o Departamento contará cus seguintes recursos:

- a) Os créditos que se lle concedan nos orzamentos da USC.
- b) Os recursos procedentes dos contratos un cursos ós que se refire o Artigo 25 do presente Regulamento.
- e) Calquera outro recurso que se lle poida atribuír.

### **Artigo 30**

1. A Comisión de Asuntos Económicos do Departamento será elixida entre os seus compoñentes polo Consello de Departamento, e estará composta polos seguintes membros:

- a) O director do Departamento, que convocará e presidirá as reunións de dita Comisión.
- b) O secretario do Departamento, que o será tamén nas reunións da Comisión.
- e) 3 profesores funcionarios doutores, 1 por cada área de coñecemento do Departamento.

2. Por cada membro da Comisión de Asuntos Económicos nomearase un membro suplente, o cal

actuará en lugar do membro titular no caso de ausencia deste. No sen caso, como suplente do director do Departamento actuará o director accidental e como suplente do secretario do Departamento actuará o último membro en incorporarse á Comisión e, se son varios, u mais novo.

3. Os membros electos da Comisión de Asuntos Económicos serano nunha reunión do Consello e por un período de 2 anos.

### **Artigo 31**

1. O director ou, no seu caso, a Comisión de Asuntos Económicos do Departamento elaborará o proxecto de orzamento anual de ingresos e gastos do Departamento e a súa distribución. Dito proxecto deberá ser presentado ó Consello de Departamento para a súa aprobación.

2. O director presentará ó Consello de Departamento o balance anual do peche do exercicio para a súa aprobación.

### **Artigo 32**

A distribución da partida correspondente á docencia farase, en cada unidade docente de cada campus, segundo os créditos que cada centro lle asigne.

## ***CAPÍTULO SEXTO: da Reforma do Regulamento de Réxime Interno***

### **Artigo 33**

1. A iniciativa para a reforma do presente Regulamento corresponderá ó director un ó 250o dos membros do Consello.

2. A reforma do Regulamento requirirá a aprobación por maioría absoluta dos membros do Consello en primeira votación, e por maioría absoluta dos membros presentes en segunda.

### **Disposición final**

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da USO.